

INFORME

PRESTACIÓNS PERIÓDICAS A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

EXERCICIOS 2017-2018  Xacobeo 2021

Informe prestacións periódicas a vítimas de
violencia de xénero (artigo 39)



ÍNDICE

1. Introducción.....	3
2. Obxectivos.....	6
3. Antecedentes legislativos.....	7
4. Análise comparativa de iniciativas autonómicas que promovan prestacións económicas para vítimas de violencia de xénero.....	10
4.1. Programa de prestacións periódicas a vítimas de violencia de xénero da xunta de galicia.....	10
4.2. Propostas autonómicas de prestacións a vítimas de violencia de xénero.....	14
5. Estudo de seguimento da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da lei galega 11/2007.....	26
5.1. Análise da prestación para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da lei galega 11/2007 no período (2006-2018).....	26
5.2. Análise dos resultados da convocatoria do ano 2017 da prestación para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da lei galega 11/2007	34
5.3. Análise dos resultados da convocatoria do ano 2018 da prestación para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da lei galega 11/2007	50
6. Conclusións.....	68





INFORME

PRESTACIÓNS PERIÓDICAS DIRIXIDAS Á MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

PRESTACIÓNS PERIÓDICAS A VÍTIMAS VIOLENCIA DE XÉNERO ARTIGO 39

1. INTRODUCCIÓN

A promoción da igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres é unha responsabilidade de toda a sociedade. A Secretaría Xeral da Igualdade como entidade competente en materia de Igualdade da Xunta de Galicia traballa co obxectivo de promover as condicións necesarias para que os dereitos e liberdades das mulleres sexan iguais aos dos homes e se fagan efectivos.

Segundo o Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, establece no artigo 1.1 o **compromiso da comunidade autónoma na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade**. No artigo 1.4 establécese que as medidas que se adopten para a erradicación dos prexuízos de xénero acompañaranse dos oportunos programas e consignacións orzamentarias para que todas as cargas doméstico-familiares sexan obxecto de

**SECRETARÍA
XERAL
DA
IGUALDADE**

**SECRETARÍA
XERAL
DA
IGUALDADE**



corresponsabilidade familiar e reciban a protección económica e social correspondente.

Nesta regulamentación tamén se fai una referencia directa no artigo 14 aos programas e campañas contra a violencia de xénero e a súa comunicación.

O presente informe ten por obxectivo a análise da **prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero en Galicia**, segundo establece a Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, *galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*.

O artigo 39 establece que a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, garantirá a existencia dunha **prestación económica de carácter periódico** dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero. A devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá **dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica** respecto do seu agresor ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación e mais a intentar axudalas a romper coa situación de violencia.

Indica que é a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade a que regulará a prestación, **garantirá un prazo de solicitude aberto durante todo o ano**, e terá como persoas beneficiarias as vítimas de violencia de xénero.

PRESTACIÓNS PERIÓDICAS A VÍTIMAS VIOLENCIA DE XÉNERO ARTIGO 39

4.338

BENEFICIARIAS

No período

2006-2018

SECRETARÍA

XERAL DA

IGUALDADE

O presente documento dá cumprimento ó disposto na disposición adicional cuarta apartado 2, modificada pola Lei 12/2016, de 22 de xullo, que establece a obriga do Goberno da Xunta de Galicia de informar ó Parlamento. **Con carácter anual, remitirá un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia**, que contará coas achegas de todos os departamentos implicados na prevención e no tratamento da violencia de xénero.

A VIOLENCIA DE XÉNERO EN GALICIA

A organización de Nacións Unidas define a violencia contra a muller como *«todo acto de violencia de xénero que resulte, ou poda ter como resultado un dano físico, sexual ou psicolóxico para a muller, incluídas as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, tanto si se producen na vida pública coma na privada»*.

Na Axenda 2030 para o Desenvolvemento sostible a ONU establece 17 Obxectivos de desenvolvemento sostible. O obxectivo 5 é **acadar a igualdade de xénero, empoderando a todas as mulleres e nenas**.

A violencia de xénero segue a ser unha prioridade dos gobernos e institucións.

PRESTACIÓNS PERIÓDICAS A VÍTIMAS VIOLENCIA DE XÉNERO ARTIGO 39

33.640.469,37

€

Orzamento

No período

2006-2018

SECRETARÍA
XERAL DA
IGUALDADE

5

Segundo as estatísticas do Consejo General del Poder Judicial, no ano 2018 o **número de denuncias** en España acadau as 166.961 denuncias e os datos para Galicia sinalan que se produciron **6.537** denuncias.

Os datos por provincias actualizados ata o 30 de setembro de 2018 recollen un total de 4.763 denuncias das cales, 1.927 rexistráronse en A Coruña, 494 en Lugo, 579 en Ourense e 1.763 en Pontevedra.

En relación ás **ordres de protección e medidas** (art, 544 Ter y 544 Bis) en Galicia ata a data 30 de setembro de 2018 adoptáranse no 2018, 379 ordes de protección na Provincia de A Coruña, 65 na de Lugo, 290 na de Ourense e 236 na de Pontevedra.

2. **OBXECTIVOS**

A realización do presente informe dá cumprimento á disposición adicional cuarta apartado 2, da lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola lei 12/2016, de 22 de xullo de avaliar os resultados acadados por este programa de prestacións promovido pola Xunta de Galicia.

Dado que esta medida é unha axuda creada por iniciativa propia da Comunidade Autónoma de Galicia, considerouse relevante iniciar unha análise comparativa de todo o territorio nacional para identificar outras propostas que aborden o apoio dunha natureza similar noutras comunidades autónomas.

Posteriormente á análise doutras propostas autonómica expónse un cadro resumo das diferentes prestacións a nivel nacional.

Na última parte do informe recóllense os principais indicadores de evolución destas prestacións promovidas pola Secretaría Xeral da Igualdade desde o ano 2006, realizándose unha análise comparativa dos 12 anos de execución do programa.

O informe recolle información relativa as convocatorias do ano 2017 e 2018, a última da que se teñen datos definitivos de peche de exercicio económico.



Para concluír este documento preséntase un resumo coas principais conclusións da análise realizada subliñando aqueles datos e información máis relevante para a comprensión da evolución das Prestacións e o seu emprego como unha ferramenta máis para o empoderamento das mulleres vítimas de violencia de xénero ou vítimas de trata con fins de explotación sexual.





3. ANTECEDENTES LEXISLATIVOS

A conciencia social sobre a lacra que representa a violencia de xénero para a sociedade vai en aumento no noso país. Isto é debido fundamentalmente ao traballo levado a cabo polas administracións, as institucións e as persoas. Un proceso no que o Estado e as Comunidades Autónomas, no ámbito das súas competencias, desenvolveron lexislación específica ao respecto.

A **Organización de Nacións Unidas (ONU)** coa Declaración universal dos dereitos humanos no ano 1948, ou o Convenio sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller do ano 1979 iniciou un camiño imparable a prol da igualdade de xénero. Posteriormente chegaría no ano 1993 a Declaración sobre a eliminación da violencia cara á muller ou a Declaración de Beijing no 1995.

A **Unión Europea** tamén establece lexislación aplicable na materia. Destaca:

- *Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e a loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica 2011 (Convenio de Estambul)*
- *Convenio do Consello de Europa, do 3 de maio de 2005, para a acción contra a trata de seres humanos (Convenio de Varsovia)*
- *Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos, e pola que se substitúen a Decisión marco 2001/220/JAI do Consello.*
- *Directiva 2011/99/UE, do 13 de decembro de 2011, reguladora da Orde de Protección Europea.*





- *Directiva 2011/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de abril de 2011, relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e a protección das vítimas e pola que se substitúe a Decisión marco 2002/629/JAI do Consello.*
- *Regulamento (UE) n.º 606/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de xuño de 2013, relativo ao recoñecemento mutuo de medidas de protección en materia civil.*
- *Resolución do Consello do 20 de outubro de 2003 sobre iniciativas para loitar contra a trata de seres humanos, en particular das mulleres.*
- *Recomendación do Comité de Ministros do Consello de Europa (2002) sobre a protección das mulleres contra a violencia (adoptada o 30 de abril de 2002).*
- *Directrices da UE sobre a violencia contra as mulleres e a loita contra toda forma de discriminación contra elas adoptadas polo Consello en decembro de 2008 (Doc. 16173/08 + COR 1)*
- *Ditame do Comité de Rexións, aprobado no 81 Pleno o 7 de outubro de 2009, sobre as actuacións prioritarias dos entes locais e rexionais para previr a violencia contra as mulleres e mellorar a atención ás vítimas.*

En **España**, no ano 2003, regulouse a orde de protección das vítimas da violencia doméstica. Foi a *Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero*, a que marcará un fito histórico, ó establecer medidas concretas de protección contra a muller. Destacan tamén:

- *Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei Orgánica.*
- *Real Decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de Xustiza.*
- *Lei 4/2015, de 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito.*

Galicia conta dende o ano 2007 coa súa propia Lei de violencia de xénero, a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo*. Son tamén de aplicación:





- *Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.*
- *Orde do 2 de maio de 2006 pola que se regula o programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia.*
- *Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.*
- *Resolución do 24 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se convoca para o ano 2017 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.*
- *Resolución de 12 de decembro de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, en no artigo 43 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede a súa convocatoria para o ano 2018.*



4. ANÁLISE COMPARATIVA DE INICIATIVAS AUTONÓMICAS QUE PROMOVAN PRESTACIÓNS ECONÓMICAS PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

4.1. Programa de prestacións periódicas a vítimas de violencia de xénero da Xunta de Galicia

A lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero ten como obxecto a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así coma a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

Considera **violencia de xénero** calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.

Segundo establece o artigo 39, será a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, a que establecerá unha **prestación económica periódica dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero**. A devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa **autonomía e independencia económica** respecto do seu agresor, ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación para os casos das mulleres vítimas de trata con fin de explotación sexual.



Estas prestacións ademais intentan **contribuír a romper coa situación de violencia** e que lles posibilite dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.

Esta prestación aboarase periodicamente, logo da acreditación da situación de violencia de xénero por calquera das formas previstas na lei, sendo o departamento competente en materia de igualdade o encargado de regular as bases da convocatoria e as contías das prestacións, dentro dos límites orzamentarios de cada anualidade.

Os **requisitos necesarios** para poder ser beneficiaria desta axuda son:

- Ser **muller, maior de idade ou emancipada**
- **Acreditar unha situación de violencia de xénero** nunha relación de convivencia e de dependencia económica do agresor, **ou** no caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, de **dependencia da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación**, mediante algún dos seguintes documentos, emitidos no intervalo temporal que comprende os **doce meses inmediatamente anteriores** á data de presentación da solicitude:
 - o Orde de protección ou medida cautelar vixentes.
 - o Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero ou documento xudicial que declare que a muller é vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.
 - o Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia e /ou de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente no que conste a existencia dos ditos indicios.
 - o Informe das Forzas e Corpos de Seguridade que indique a existencia de indicios claros de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.
 - o Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla





a dita condición de vítima de violencia de xénero ou de vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, e a data na que se produciu o cesamento da convivencia ou da situación de dominación respectivamente.

- o Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local no que recolla a dita condición de vítima de violencia de xénero ou de vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, e a data na que se produciu o cesamento da convivencia ou da situación de dominación respectivamente.
- Ter cesado a convivencia co agresor, ou coa persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación, no intervalo temporal que comprende os doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.
- Estar empadroada e ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso das mulleres estranxeiras, cando así se esixa pola lexislación vixente, ter permiso de residencia. No caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, é suficiente acreditar que posúen autorización de residencia por circunstancias excepcionais.
- Carecer de dispoñibilidade de recursos económicos ou que a súa contía sexa insuficiente para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación, e/ou dispoñer dunhas rendas ou ingresos brutos mensuais iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM vixente, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.
- Non ter percibido con anterioridade esta axuda ou a axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

A **contía económica** é destinada directamente á beneficiaria e terá carácter periódico, ata o **máximo de doce mensualidades**, sempre que nese período subsistan as circunstancias polas que se concedeu.





A contía que pode acadar a axuda establécese en función das rendas e ingresos da solicitante da axuda en relación co indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente, de acordo coas seguintes especificacións:

<i>Ingresos</i>	<i>Contía mensual</i>
<i>Ingresos ≤ IPREM vixente. Carácter xeral.</i>	600 €
<i>Ingresos ≤ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade das vítimas ≥ 33%</i>	650 €
<i>Ingresos ≤ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33%</i>	700 €
<i>Ingresos ≤ IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.</i>	700 €
<i>Ingresos ≤ IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33%</i>	800 €
<i>Ingresos ≤ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 65% ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.</i>	800 €
<i>Ingresos > IPREM e ≤ 1,5 veces IPREM. Carácter xeral.</i>	300 €
<i>Ingresos > IPREM e ≤ 1,5 veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítimas ≥ 33%</i>	350 €
<i>Ingresos > IPREM e ≤ 1,5 veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33%</i>	400 €
<i>Ingresos > IPREM e ≤ 1,5 veces IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.</i>	400 €
<i>Ingresos > IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33%</i>	500 €
<i>Ingresos > IPREM e ≤ 1,5 veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 65% ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.</i>	500 €





4.2. **Propostas Autonómicas de prestacións a vítimas de violencia de xénero**

Coñecidos os obxectivos e requirimentos da axuda promovida pola Xunta de Galicia, procedemos a analizar a situación actual así como os antecedentes legislativos de outras Comunidades Autónomas que supoñen o desenvolvemento de accións e medidas específicas de prevención e tratamento da violencia de xénero.

Andalucía:

Na Comunidade Autónoma de Andalucía recóllense as seguintes normativas de aplicación directa ás vítimas de violencia de xénero e ao seu entorno:

- *Lei 13/2007, de 26 de novembro, de medidas de prevención e protección integral contra a violencia de xénero.*
- *Lei 7/2018, de 30 de xullo, pola que se modifica a Lei 13/2007, de 26 de novembro, de medidas de prevención e protección integral contra a violencia de xénero.*
- *Decreto-lei 3/2017, de 19 de decembro, polo que se regula a Renda Mínima de Inserción Social en Andalucía.*

As vítimas de violencia de xénero son obxecto de discriminación positiva no Decreto-lei 3/2017 a diferenza da regulación anterior, removendo os obstáculos que impiden ou dificultan a súa inclusión social.

A partir do ano 2019 poderán solicitar a ampliación da **Renda Mínima de Inserción Social** por períodos de 6 meses sucesivos, as vítimas de violencia de xénero e as unidades familiares con menores a cargo, mentres persistan as circunstancias que o motivaron e mantéñase a concorrencia de requisitos e condicións esixidas para a súa concesión.





Aragón:

- *Lei 7/2018, de 28 de xuño, de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en Aragón*
- *Lei 4/2007, de 22 de marzo, de Prevención e Protección Integral ás Mulleres Vítimas de Violencia en Aragón.*

A Lei 4/2007 establece prestacións económicas: **Ingreso Aragonés de Inserción**. (Art.32). Outorgarase o Ingreso Aragonés de Inserción, a través dun procedemento abreviado, ás mulleres vítimas de violencia que cumpran os requisitos socioeconómicos para a súa percepción establecidos na normativa correspondente. A este efecto, o recoñecemento do dereito á prestación e o seu abono efectivo efectuaranse no prazo máximo de 45 días naturais desde a solicitude formulada pola interesada ante os servizos sociais correspondentes.

O artigo 33 tamén establece **axudas de urxente necesidade**. As comarcas aragonesas destinarán, dentro das axudas de urxente necesidade, unha partida económica específica cuxa finalidade é atender de maneira inmediata situacións de emerxencia social na que se atopen as mulleres vítimas de violencia que carezan de medios económicos.

A Administración da Comunidade Autónoma de Aragón tamén informará ás mulleres que teñan acreditada a condición de vítima de violencia sobre a axuda específica denominada **renta activa de inserción**, de acordo coa normativa reguladora de dita prestación, colaborando na súa xestión co organismo estatal correspondente.

Establece **axudas escolares** (Art.35). O Departamento competente en materia de educación arbitrará as medidas necesarias para facilitar a escolarización e os servizos que do mesmo derivan a fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia doméstica. A circunstancia da existencia de violencia no entorno familiar dos menores valorase como factor cualificado para a concesión das axudas e





prestacións establecidas nese ámbito, así como nos procesos de matriculación en centros educativos.

Ademais das axudas previstas, o Goberno de Aragón poderá establecer **outras prestacións económicas específicas** compatibles con elas a favor das mulleres vítimas de violencia. Mediante decreto regularanse os requisitos, condicións, contía e forma de pago das prestacións que se establezan.

Actualmente contan cun Proxecto de Decreto para regular prestacións complementarias do Instituto Aragonés de la Mujer para vítimas de violencia. (Orde de 28 de agosto de 2018).

Cantabria:

- *Lei 1/2004, de 1 de abril, Integral para a Prevención da Violencia Contra as Mulleres e a Protección as súas vítimas.*

No artigo 24, **axudas escolares**, sinala que a Administración educativa valorará como factor cualificado a violencia de xénero no seno familiar na regulación e o establecemento das axudas destinadas a familias ou unidades familiares con escasos recursos económicos, especialmente en materia de gastos escolares, de transporte, de comedor e actividades extraescolares.

Canarias:

- *Lei 16/2003, de 8 de abril, de prevención e protección integral das mulleres contra a violencia de xénero.*

Dita lei, no seu artigo 39 indica que a Comunidade Autónoma creará un **Fondo de Emerxencia** destinado a axudas que teñan por finalidade atender de modo inmediato situacións de emerxencia social na que se atopen as mulleres vítimas de violencia de xénero que carezan de medios económicos.





Reglamentariamente estableceranse os tipos e as contías de ditas axudas, o período máximo de percepción e o seu réxime de xestión, concesión e abono. Ditas axudas estarán xestionadas polas corporacións locais.

No artigo 40 contempla que para a concesión de **axudas escolares**, a administración educativa ponderará como factor cualificado a situación de violencia de xénero no entorno familiar dos menores e adoptará as medidas necesarias para a súa integración na escola.

Castela a Mancha:

- *Lei 5/2001, de 17 de maio, de Prevención de Malos Tratos e Protección ás Mulleres Maltratadas.*

Recolle un sistema de axudas públicas para o acceso á vivenda e o emprego. Así como axudas de carácter económico para paliar as consecuencias das agresións.

No artigo 17 establécense subvencións ás vítimas de violencia. As mulleres vítimas de violencia que sufran lesións, teñan secuelas ou danos psíquicos graves terán dereito a percibir unha **subvención económica do Goberno rexional** nas condicións e contía que se determinen por Decreto.

Castela e León:

- *Lei 13/2010, de 9 de decembro, contra a violencia de xénero en Castela e León*

Establece medidas de fomento do emprego, prestacións tecnolóxicas, axudas á educación e ao acceso á vivenda.

No artigo 30 indica que o Servizo Público de Emprego de Castela e León acordará a integración preferente das vítimas de violencia en todos os





programas de formación profesional, ocupacional, continua e de inserción laboral que se poñan en marcha. Os cursos de formación profesional ocupacional poderán contemplar axudas económicas para as mulleres que sofren violencia de xénero, segundo as condicións que normativamente se establezan.

Establece prestacións tecnolóxicas (artigo 33), entendidas como a posta a disposición dos dispositivos de alarma e os de natureza similar, destinados a proporcionar seguridade ás vítimas de violencia de xénero, facilitando a súa localización e comunicación inmediata.

No artigo 40 defínense **axudas económicas por falecemento por violencia de xénero**. Terán dereito a unha axuda económica anual, de contía fixa por cada persoa beneficiaria, os fillos e fillas menores de idade de mulleres falecidas por violencia de xénero, que residan na Comunidade de Castela e León, ata que acaden a maioría de idade, nas condicións que se establezan regulamentariamente.

Esta axuda económica é compatible e complementaria con calquera outra pública ou privada que se perciba polo mesmo motivo.

Tamén garante o **acceso a estudos universitarios** conducentes a la obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así coma ós servizos complementarios nas universidades públicas de Castela e León ao estudantado que sexan fillos ou fillas de mulleres falecidas por violencia de xénero, nas condicións que se establezan regulamentariamente.

Cataluña:

- *Lei 5/2008, de 24 de abril, do dereito das mulleres a erradicar a violencia machista*

No capítulo 3, dereitos de atención e reparación, establece dereitos no ámbito do acceso á vivenda, ao emprego e a formación ocupacional. Tamén axudas





escolares, un fondo de compensación de pensións e prestacións, e axudas económicas.

O artigo 46 establece unha **renda mínima de inserción**. Indica que o goberno pode conceder **prestacións económicas extraordinarias** ás mulleres que sufriron violencia machista. Estas prestacións deben destinarse a paliar situacións de necesidade persoal que sexan avaliáveis e verificables, previo informe dos organismos competentes sobre a inexistencia ou insuficiencia das axudas ordinarias para cubrir estes supostos.

Tamén establece **indemnizacións** (artigo 47). As mulleres que, como consecuencia das formas de violencia machista especificadas pola presente lei sufran secuelas, lesións corporais ou danos na saúde física ou psíquica de carácter grave teñen dereito a percibir da Comunidade Autónoma un pago único dunha cantidade económica, nas condicións e requisitos que se establezan polo regulamento.

Os fillos e fillas das vítimas mortais de violencia de xénero, que sexan menores de vinte seis anos e que dependan economicamente no momento da morte da nai, teñen **dereito á percepción**, nun pago único, dunha **contía económica**.

Madrid:

- *Lei 5/2005, de 20 de decembro, Integral contra a Violencia de Xénero da Comunidade de Madrid*
- *Lei 3/2018, de 22 de xuño, de modificación da Lei 5/2005, de 20 de decembro, Integral contra a Violencia de Xénero da Comunidade de Madrid*

Establece un **dereito de acceso prioritario** para vítimas de violencia á vivenda con protección pública, **no eido sanitario e o emprego**, así como medidas na educación pública para os fillos e fillas das vítimas de violencia de xénero.





No artigo 18 establece un réxime de axudas económicas, no que a Comunidade de Madrid creará un **Fondo económico de Emerxencia**, xestionado polo órgano competente en materia de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes da Comunidade de Madrid, para atender as necesidades inmediatas das vítimas de Violencia de Xénero. Dito fondo será financiado con cargo aos Presupostos da Comunidade de Madrid e será obxecto de desenvolvemento regulamentario.

Navarra:

- *Lei Foral 22/2002, de 2 de xullo, para a adopción de medidas integrais contra a violencia sexista.*
- *Lei Foral 12/2003, de 7 de marzo, de modificación da Lei Foral 22/2002, de 2 de xullo, para a adopción de medidas integrais contra a violencia sexista.*
- *Orde foral 297/2009, de 15 de setembro da Consellería de Asuntos Sociais, Familia, Xuventude e Deporte, pola que se regula o réxime de concesión das axudas a vítimas de violencia de xénero que acrediten insuficiencia de recursos económicos e unhas especiais dificultades para obter emprego.*
- *Decreto foral 69/2008, 17 de xuño pola que se aproba a carteira de servizos sociais de ámbito xeral*
- *Lei foral 14/2015, de 10 de abril, para actuar contra a violencia cara as mulleres.*

Dedica o seu capítulo III a **axudas económicas**. No artigo 51 establece axudas de emerxencia. A Administración da Comunidade Foral de Navarra habilitará unha partida económica específica destinada a **axudas de emerxencia**, cuxa finalidade será facer fronte dunha maneira inmediata a situacións de emerxencia social nas que poidan atoparse aquelas mulleres que, carecendo de medios económicos, foran vítimas dunha situación de violencia contra as mulleres ou requiran dita axuda segundo o criterio profesional do persoal que as atenda nos servizos sociais, equipos especializados, casas de acollida e centros ou servizos de urxencia.





A Comunidade Foral tamén tramita **axudas a vítimas de violencia de xénero que acrediten insuficiencia de recursos económicos e unhas especiais dificultades para obter un emprego.**

Tamén contempla medidas de acceso á vivenda, **axudas escolares** para os fillos e fillas das vítimas de violencia e a Renda de Inclusión Social.

Valencia:

- *Lei 7/2012, de 23 de novembro, da Generalitat, Integral contra a Violencia sobre a Muller no eido da Comunitat Valenciana.*
- *Decreto 63/2014, de 25 de abril, do Consell, polo que se aproba o regulamento para o recoñecemento das indemnizacións e as axudas económicas ás vítimas de violencia sobre a muller.*
- *Decreto 20/2018, de 9 de marzo, do Consell, de modificación do Decreto 63/2014, de 25 de abril, pola que se aproba o Regulamento para o recoñecemento das indemnizacións e as axudas económicas ás vítimas de violencias sobre a muller na Comunitat Valenciana.*

A lei establece subvencións e axudas directas para empresas que contraten a vítimas de violencia de xénero, así como un **fondo de emerxencia para axudas económicas inmediatas de pago único.**

No artigo 21 establécense os módulos económicos máximos polos que se rexen as axudas:

- a) Necesidades básicas: ata 200 euros.
- b) Necesidades de aloxamento: ata un máximo de 2.000 euros.
- c) Necesidade de transporte ou desprazamentos: ata un máximo de 500 euros.
- d) Calquera outra necesidade que procure tanto a seguridade como a protección das vítimas: ata un máximo de 2.000 euros.





A contía da **indemnización por morte** é de 75.000 euros.

Estremadura:

- *Lei 8/2011, de 23 de marzo, de Igualdade entre mulleres e homes e contra a violencia de xénero en Estremadura.*

No artigo 31 reflexa que a administración da Comunidade Autónoma de Estremadura incorporará ás bases reguladoras das subvencións públicas a valoración de actuacións de efectiva consecución da igualdade de xénero por parte das entidades solicitantes, salvo en aqueles casos en que, pola natureza da subvención ou das entidades solicitantes, estea debidamente xustificada a súa non incorporación.

Contan cunha convocatoria de axudas específica para facilitar a recuperación integral das mulleres vítimas de violencia de xénero: El Decreto 97/2018, de 26 de xuño, (DOE n.º 127, de 2 de xullo).

Baleares:

- *Lei 4/2009, de 11 de xuño, de servizos sociais das Illes Balears*
- *Lei 11/2016, de 28 de xullo, de igualdade de mulleres e homes*

Na sección 2ª da lei, atención e protección das vítimas, define prioridade no acceso á vivenda para as vítimas de violencia, inserción laboral, prestacións tecnolóxicas e educación para os fillos e fillas das vítimas.

Así mesmo, no artigo 73, **prestacións económicas**, establece que as prestacións económicas para cubrir **gastos de urxencia social** que establece o artigo 22.2 da Lei 4/2009, de 11 de xuño, de servizos sociais, deberán ter en conta a especificidade das situacións derivadas de violencia machista, especialmente con respecto ó tempo de tramitación e ás esixencias de documentación xustificativa da situación. Neste caso é suficiente para a





tramitación o informe da traballadora ou o traballador social dos servizos sociais comunitarios. Son compatibles con calquera outra prestación económica percibida do sistema público de servizos sociais e con outras axudas establecidas por outras administracións.

La Rioja:

- *Lei 3/2011, de 1 de marzo, de prevención, protección e coordinación institucional en materia de violencia na Rioja*

No título IV da lei, medidas para a recuperación integral das vítimas, establece no artigo 43, que a condición de vítima de violencia sobre a muller no ámbito intrafamiliar valorarase coma factor cualificado para a concesión das axudas e prestacións establecidas nese eido, especialmente en materia de **gastos escolares, transporte e comedor**, así coma nos procesos de matriculación en centros educativos.

Pais Vasco:

- *Lei 4/2005, de 18 de febreiro, para a Igualdade de Mulleres e Homes*
- *Lei 3/2012, de 16 de febreiro, pola que modifícase a Lei para a Igualdade de Mulleres e Homes e a Lei sobre Creación de Emakunde-Instituto Vasco da Muller*

Establece actuacións de discriminación positiva no eido da educación, a inserción laboral e a vivenda. As vítimas de violencia poden inscribirse en Etxebide como demandante de vivenda de aluguer en calidade de vítima de violencia de xénero, cunha puntuación de 10 puntos durante 2 anos. Tamén a adxudicación directa de vivenda de aluguer, se cumpre os requisitos establecidos.





No artigo 58, prestacións económicas, establece que a efectos de promover a autonomía económica e facilitar a volta á vida normalizada, as vítimas de maltrato doméstico que estean acollidas en pisos ou centros de acollida temporal, sempre que cumpran os requisitos esixidos, teñen dereito a percibir a **renda básica**, aínda cando a súa manutención básica sexa cuberta por ditos pisos ou centros.

Os servizos sociais dispoñerán dunha **partida orzamentaria destinada a prestacións económicas de urxencia** que teñan como obxecto facer fronte de unha maneira inmediata ás necesidades básicas de supervivencia das vítimas de maltrato doméstico, mentres tramitase a concesión do resto de prestacións económicas ás que podan ter dereito.

Asturias:

- *Lei do Principado de Asturias 2/2011, de 11 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes e a erradicación da violencia de xénero.*

A lei asturiana non contempla ningunha axuda económica para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Murcia:

- *Lei 7/2007, de 4 de abril, para a Igualdade entre Mulleres e Homes, e de Protección contra a Violencia de Xénero na Rexión de Murcia.*
- *Lei 11/2016, de 15 de xuño, pola que modifícase la Lei 7/2007, de 4 de abril, para a Igualdade entre Mulleres e Homes, e de Protección contra a Violencia de Xénero na Rexión de Murcia.*

No artigo 53, **fondo de emerxencia**, indica que a Administración Pública da Rexión de Murcia creará o **seu propio fondo económico de emerxencia** para atender as necesidades inmediatas das vítimas de violencia de xénero,





xestionado polo Instituto de la Mujer de la Región de Murcia. Este fondo será financiado con cargo ós orzamentos xerais da Comunidade Autónoma así como con aportacións privadas, na forma que se determine regulamentariamente.

Táboa Resumo:

<i>Comunidade Autónoma</i>	<i>Tipoloxías de axuda</i>
Aragón	• Ingreso Aragonés de inserción • Axudas de Urxente necesidade • Axudas escolares • Outras prestacións económicas
Cantabria	• Factor cualificativo nas axudas escolares
Canarias	• Fondo Emerxencia • Factor cualificativo nas axudas escolares
Castela a Mancha	• Subvencións económicas para vítimas con secuelas ou lesións ou psíquicas graves
Castela e León	• Axudas falecemento por violencia de xénero • Axudas estudos universitarios para fillas/os de vítimas
Catalunya	• Renda Mínima de Inserción • Indemnización por secuelas da violencia • Fillos da vítima: Menores de 26 anos contía económica de pago único • Axudas á asistencia de vítimas de delitos violentos
Galicia	• Prestacións periódicas artigo 39 Lei galega • Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero • Asistencia específica para orfas/os por violencia de xénero • Indemnizacións mulleres gravemente feridas • Programas de inserción laboral • Axudas ao alugueiro de vivenda
Madrid	• Fondo Económico de Emerxencia • Apoio no acceso á vivenda • Apoio educación dos fillos/as • Apoio no acceso ao emprego





Navarra	• Axudas de emerxencia • Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero • Renda de Inclusión Social • Apoio no acceso á vivenda • Apoio na educación dos fillos/as
Valencia	• Fondo de Emerxencia (axudas económicas de pago único)
Baleares	• Prestacións económicas para cubrir gastos de urxencia social deben ter en conta a especial singularidade das vítimas de violencia de xénero
Rioja	• Apoio no acceso á educación dos fillos/as das vítimas
País Vasco	• Partida orzamentaria destinada a prestacións económicas de emerxencia • Apoio no acceso á educación dos fillos/as das vítimas • Apoio na inserción laboral • Apoio no acceso á vivenda
Murcia	• Fondo de Emerxencia para atender ás vítimas de violencia de xénero





5. ESTUDO DE SEGUIMENTO DA PRESTACIÓN PERIÓDICA PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO PREVISTA NO ARTIGO 39 DA LEI GALEGA 11/2007

5.1. Análise da prestación para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei galega 11/2007 no período (2006-2018)

Desde a primeira convocatoria destas prestacións, no ano 2006 ata o pasado ano 2018 o **apoio económico** ás mulleres que sofren violencia de xénero a través desta liña de prestacións superou os 33 millóns de €

33.640.469,37 €

ORZAMENTO EXECUTADO
PERIODO 2006-2018

13

ANUALIDADES CONTINUADAS

4.338

BENEFICIARIAS





Táboa 1. Orzamento desagregado por exercicio económico

<i>Exercicio económico</i>	<i>Anualidades incluídas</i>		<i>Ampliacións orzamentarias</i>		<i>Importe total</i>
Exercicio 2006	Anualidade 2006	Anualidade 2007	Ampliación 2006	Ampliación 2007	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2006-2007</i>	1.100.000 €	550.000 €	105.300 €	0 €	1.755.300,00 €
Exercicio 2007	Anualidade 2007	Anualidade 2008	Ampliacións 2007	Ampliacións 2008	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2007-2008</i>	263.400 €	50.000 €	1.302.000 €	615.000 €	2.230.400,00 €
Exercicio 2008	Anualidade 2008	Anualidade 2009	Ampliacións 2008	Ampliacións 2009	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2008-2009</i>	965.000 €	1.141.000 €	294.589 €	0 €	2.400.589,00 €
Exercicio 2009	Anualidade 2009	Anualidade 2010	Ampliacións 2009	Ampliacións 2010	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2009-2010</i>	628.500 €	798.700 €	535.050 €	0 €	1.962.250,00 €
Exercicio 2010	Anualidade 2010	Anualidade 2011	Ampliacións 2010	Ampliacións 2011	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2010-2011</i>	900.000 €	630.000 €	841.127 €	0 €	2.371.127,00 €
Exercicio 2011	Anualidade 2011	Anualidade 2012	Ampliacións 2011	Ampliacións 2012	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2011-2012</i>	970.000 €	1.120.000 €	300.000 €	0 €	2.390.000,00 €
Exercicio 2012	Anualidade 2012	Anualidade 2013	Ampliacións 2012	Ampliacións 2013	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2012-2013</i>	1.276.650 €	1.120.000 €	218.886,66 €	0 €	2.615.536,66 €
Exercicio 2013	Anualidade 2013	Anualidade 2014	Ampliacións 2013	Ampliación 2014	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2013-2014</i>	688.850 €	1.120.000 €	312.660,65 €	0 €	2.121.510,65 €
Exercicio 2014	Anualidade 2014	Anualidade 2015	Ampliacións 2014	Ampliacións 2015	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2014-2015</i>	750.150 €	1.155.000 €	345.150 €	0 €	2.250.300,00 €
Exercicio 2015	Anualidade 2015	Anualidade 2016	Ampliacións 2015	Ampliacións 2016	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2015-2016</i>	578.380,49 €	1.176.000 €	664.006,87 €	0 €	2.418.387,36 €
Exercicio 2016	Anualidade 2016	Anualidade 2017	Ampliacións 2016	Ampliacións 2017	Importe total






<i>Convocatoria plurianual 2016-2017</i>	728.382 €	1.303.562 €	391.237 €	0 €	2.423.181,40 €
Exercicio 2017	Anualidade 2017	Anualidade 2018	Ampliacións 2017	Ampliacións 2018	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2017-2018</i>	1.942.950 €	2.100.000 €	0 €	0 €	4.042.950,00 €
Exercicio 2018	Anualidade 2018	Anualidade 2019	Ampliacións 2018	Ampliacións 2019	Importe total
<i>Convocatoria plurianual 2018-2019</i>	1.600.000 €	2.100.000 €	958.927,30 €	0 €	4.658.937,30 €

O orzamento destinado a estas prestacións segue unha liña ascendente a excepción dos anos 2009 e 2013 nos que se reduce o orzamento total destinado a estas prestacións. É destacado o **incremento do 40% do orzamento no ano 2017** con respecto do ano anterior 2016 situándose en **máis de 4 millóns de euros**.

Gráfico 1. Evolución do orzamento no período (2006-2018)



4.658.937,30 €


**O ORZAMENTO ANUAL MÁIS ELEVADO
CORRESPONDE AO ANO 2018**



62,32%

INCREMENTO ORZAMENTARIO DESDE O ANO 2006


Gráfico 2. Evolución do número de solicitudes no período (2006-2018)



O número de solicitudes seguiu unha evolución descontinua aínda que nos últimos dous anos o seu crecemento foi exponencial, no ano 2017 e 2018 as solicitudes recibidas incrementáronse en máis dun 30% e un 22% con respecto aos anos anteriores.

40% DO TOTAL DE SOLICITUDES PROCEDEN DA PROVINCIA DA CORUÑA

Gráfico 3. Evolución do número de solicitudes por Provincia no período (2006-2018)




A suma das solicitudes das provincias de Lugo e Ourense é inferior ao 24% do total. Pola contra, no ano 2017, foi Ourense a provincia que tivo un maior incremento no número de solicitudes, duplicándose o seu número con respecto ás cifras do 2016.

En relación ao número de concesións, este incrementouse exponencialmente desde o establecemento das presentacións no ano 2006. **Nos anos 2010 e 2016 superouse o 80% de concesións con respecto ás solicitudes presentadas.**



Gráfico 4. Evolución da porcentaxe de concesións con respecto ás solicitudes período (2006-2018)




**NO ANO 2010 FORON CONCEDIDAS O 88%
DAS SOLICITUDES**

Desde o ano 2012, a media de prestacións concedidas con respecto ás solicitudes foi superior ao 70%.


No último ano, 2018, máis do 78% das solicitudes presentadas foron resolucións favorables ás demandantes.



Gráfico 5. Evolución do número de solicitudes e concesións no período (2006-2018)



**Gráfico 6. Porcentaxe de solicitudes e concesións por Provincia no período (2006-2018)
con respecto ao número total de prestacións**





Aínda que a provincia de A Coruña recolle o maior número de concesións en termos totais, é **a provincia de Lugo** a que, **en relación ao seu número de solicitudes presentadas, ten un maior ratio de concesións.**

Táboa 2 . Evolución do número de concesións por Provincia no período (2006-2018)

Provincia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
<i>Ano</i>					
2006	140	24	29	82	275
2007	127	36	37	120	320
2008	113	31	31	84	259
2009	77	42	31	67	217
2010	151	45	57	116	369
2011	80	30	34	107	251
2012	145	47	45	125	362
2013	105	43	34	104	286
2014	122	36	50	128	336
2015	133	24	48	134	339
2016	140	28	31	125	324
2017	169	35	52	161	417
2018	246	53	78	206	583
<i>Total</i>	1.748	474	557	1.559	4.338

A CORUÑA E PONTEVEDRA SUMAN MÁIS

**DO 76% DAS PRESTACIÓNS
CONCEDIDAS**





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

galicia
o bo camiño



Xacobeo 2021

Informe das prestacións periódicas a vítimas
de violencia de xénero (artigo 39)

5.2. Análise dos resultados da convocatoria do ano 2017 da prestación para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei galega 11/2007

Mediante a resolución da Secretaría Xeral da Igualdade do 17 de marzo de 2017 (publicada no Diario Oficial de Galicia na data 24 de marzo de 2017), apróbanse as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11,/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.

Segundo a finalidade destas prestacións, a continuación preséntanse os datos relativos á concesión da prestación no **ano 2017**:

4.042.950,00 €

ORZAMENTO ANO 2017

40%

INCREMENTO ORZAMENTARIO CON RESPECTO AO ANO ANTERIOR


417

BENEFICIARIAS

No ano 2017 recibíronse **577 solicitudes** das que foron **concedidas o 72,77%** o que fixo un total de **417 prestacións concedidas**.


En relación á distribución xeográfica das prestacións, a provincia de **A Coruña** é a que ten un maior número de solicitudes (226) seguida de **Pontevedra** (224). Do mesmo xeito son estas provincias as que teñen o maior numero de concesións **acadando a suma das dúas provincias máis do 79% das prestacións adxudicadas no ano 2017**.

Gráfico 7. Número de solicitudes e concesións por Provincia no ano 2017



No que se refire á porcentaxe de concesións con respecto ao número de solicitudes é a provincia de **Lugo** a que ten unha maior porcentaxe de resolucións favorables, cun **78%** de prestacións concedidas con respecto ás presentadas seguida da provincia de **A Coruña** cun 75% de concesións respecto ás solicitudes .

Gráfico 8. Porcentaxe de concesións con respecto ás solicitudes de cada Provincia no ano 2017




o 72% DAS SOLICITUDES FORON CONCEDIDAS

As concesións do ano 2017 correspóndense un 41% coa provincia de A Coruña, un 39% con Pontevedra, a Ourense lle corresponden un 12 % das concesións totais e a provincia de Lugo un 8% do total.

É relevante sinalar que mentres que **A Coruña presenta máis do 39% das solicitudes o seu porcentaxe de concesións é maior**, preto do 41% con respecto ao total de concesións. No caso contrario sitúase a provincia de Ourense, presentando máis do 14% de solicitudes pero só acada o 12% das concesións totais.


Gráfico 9. Porcentaxe de concesións e solicitudes por Provincia con respecto ao total de prestacións (ano 2017)





Solicitudes

Gráfico 10 . Prestacións concedidas por Provincia e exercicio económico ¹



Segundo se indicaba na Táboa 1, que facía referencia ao orzamento desagregado por exercicio económico, das prestacións económicas concedidas segundo a convocatoria do ano 2017, o 53,3% dos importes concedidos corresponden a partidas do exercicio

¹ Nestes importes inclúense os totais de cada proposta, non se teñen en conta as modificacións ou suspensións da axuda



económico 2017. En termos xerais, esta porcentaxe de concesión por exercicio económico é similar en todas as provincias, agás na provincia de **Lugo onde o importe concedido con cargo ao exercicio económico 2017 é superior ao 56% do total do orzamento para as axudas concedidas nesa provincia.**

Procedendo á **análise da situación das persoas beneficiarias**, a determinación daquelas persoas beneficiarias destas prestacións establécese, segundo as bases da convocatoria, coa acreditación dunha situación de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica do agresor, ou no caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, de dependencia da persoa que mantivera sobre ela unha relación de dominación.

Os documentos acreditativos teñen que ser emitidos no intervalo temporal que comprende os doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude da axuda.

Na convocatoria do ano 2017, **as acreditacións da situación de violencia de xénero das beneficiarias realizouse principalmente a través de medidas xudiciais.**

Táboa 3. Medios de acreditación da situación de violencia de xénero da beneficiaria (ano 2017)


	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
<i>Orde de protección ou medida cautelar</i>	71	31	32	73	207
<i>Sentenza</i>	62	1	18	60	141
<i>Informe do Ministerio Fiscal</i>	0	0	0	0	0
<i>Informe das FCS</i>	0	0	0	2	2
<i>Informe de Servizos Sociais o Sanitarios da Adm. Pública autonómica ou local</i>	32	2	1	18	53

*Informe dos Servizos de Acollida
da Adm. Pública autonómica ou
local***Total**

4	1	1	8	14
169	35	52	161	417


MÁIS DO 83% DAS BENEFICIARIAS ACREDITA A SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO CON MEDIDAS XUDICIAIS

**Gráfico 11. Tipo de acreditación da violencia de xénero presentada polas beneficiarias
(ano 2017)**



Do total de beneficiarias da convocatoria do ano 2017, **so se acreditaron dous casos de vítimas de trata con fins de explotación sexual**, sendo o 0,5 % dos casos acreditados mulleres en situación de violencia de xénero. As dúas vítimas de trata con fins de explotación sexual, rexistráronse na provincia de Pontevedra.

**Gráfico 12. Representatividade das acreditacións de violencia de xénero por provincias
(ano 2017)**



En termos territoriais na maioría das provincias o número de **beneficiarias en zonas urbanas** representa **algo menos da metade do total provincial** agás na provincia de Ourense onde se rexistra un maior número de prestacións en zonas urbanas, neste caso na capital da provincia, supoñendo máis do 55% das concesións totais da provincia.

En conxunto, **máis do 52% das beneficiarias residen en núcleos urbanos moi poboados²**. Pola contra, o 25% das prestacións van destinadas a mulleres de zonas rurais pouco poboadas.

2 Nota explicativa: (Clasificación dos concellos segundo o novo grao de urbanización de Eurostat e do Nomenclátor do ano 2009).

ZDP: Zona Densamente Poboada: Conxunto contiguo de concellos de densidade superior a 500 hab./km² e unha poboación total para a zona de polo menos 50.000 habitantes.

ZIP: Zona Intermedia de Poboación: Conxunto de concellos que non pertencen a unha zona densamente poboada onde cada unha delas conta cunha densidade superior a 100 hab./km² e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben é adxacente a unha zona poboada densamente.

ZPP: Zona Pouco Poboada: Grupos de concellos que non pertencen a zonas densamente poboadas ou a zonas intermedias.

Gráfico 13. Beneficiarias da prestación por Grao de Urbanización e Concello (ano 2017)




Gráfico 14. Beneficiarias da prestación por Grao de Urbanización e Concello (ano 2017)

En relación á **nacionalidade das beneficiarias**, menos do 20% das beneficiarias teñen nacionalidade estranxeira.

Táboa 4 . Nacionalidade das beneficiarias da prestación no ano 2017


Nacionalidade	Nº beneficiarias	%
Española	336	80,58 %
Estranxeira	81	19,42 %
Total	417	100,00 %



80% BENEFICIARIAS TEÑEN NACIONALIDADE ESPAÑOLA

A provincia de Ourense é a que conta cunha porcentaxe máis alta de beneficiarias estranxeiras, representando o 29% do total de prestacións concedidas nesta provincia. Pola contra, na provincia de A Coruña só un 18% das beneficiarias son estranxeiras.

Gráfico 15. Beneficiarias da prestación por provincia e nacionalidade (ano 2017)



MÁIS DO

80% DAS
BENEFICIARIAS
SON
ESPAÑOLAS

Táboa 5 . Nacionalidade das beneficiarias da prestación por violencia de xénero (ano 2017)

Nacionalidade	N.º beneficiarias	%
---------------	-------------------	---





Española	336	80,58 %
Brasileira	21	5,04 %
Marroquí	9	2,16 %
Portuguesa	9	2,16 %
Dominicana	7	1,68 %
Rumana	7	1,68 %
Colombiana	6	1,44 %
Peruana	3	0,72 %
Venezolana	3	0,72 %
Italiana	2	0,48 %
Ucraniana	2	0,48 %
Alemana	1	0,24 %
Arxentina	1	0,24 %
Australiana	1	0,24 %
Bielorrusa	1	0,24 %
Cubana	1	0,24 %
Emiratos Árabes	1	0,24 %
Guineana	1	0,24 %
Letona	1	0,24 %
Parguaia	1	0,24 %
Rusa	1	0,24 %
Salvadoreña	1	0,24 %
Ucraniana	1	0,24 %

Tres de cada catro beneficiarias son menores de 46 anos. As mulleres entre 36 e 45 anos representan a máis do 32% das beneficiarias.






Gráfico 16. Beneficiarias da prestación por tramo de idade (ano 2017)

MÁIS DO **75%**
DAS BENEFICIARIAS
TEÑEN MENOS DE 46 ANOS

En relación á súa situación familiar, 255 beneficiarias teñen polo menos unha filla ou fillo menor ao seu cargo.

Táboa 6 . Beneficiarias segundo o número de fillas/os menores ao seu cargo (ano 2017)

<i>Nº fillas/os</i>	<i>N.º beneficiarias</i>	<i>Total fillas/os</i>
0 fillas/os	162	0
1 filla/o	149	149
2 fillas/os	76	152
3 fillas/os	22	66
4 fillas /os	6	24
5 fillas/os	2	10
TOTAL	417	401

61% DAS BENEFICIARIAS TEÑEN FILLAS/OS MENORES AO SEU CARGO

Segundo o número de fillos das beneficiarias, considérase relevante que **unha de cada catro beneficiarias teñen dous ou máis fillas/os menores ao seu cargo.**




Gráfico 17.
Porcentaxe de
beneficiarias
por número de
fillas/os
menores a seu
cargo(ano 2017)

Do total de menores ao cargo das beneficiarias o **52,3% son nenas** e o 47,7% son nenos.

52,3% DOS MENORES AO CARGO DAS BENEFICIARIAS SON RAPAZAS


En relación á distribución xeográfica, máis do 44% das rapazas e rapaces menores residen na provincia de A Coruña, o 39,4% na provincia de Pontevedra, o 8,5% na provincia de Ourense e o 8% restante na de Lugo.

Gráfico 18. Porcentaxe de fillas/os menores ao cargo das Beneficiarias por provincia (ano 2017)



401 **FILLAS/OS MENORES AO CARGO DAS BENEFICIARIAS**

Gráfico 19. Número de fillas/os menores ao cargo das Beneficiarias por provincia (ano 2017)




Das **210 rapazas menores ao cargo das Beneficiarias**, o 46% residen na provincia de A Coruña. 80 rapaces menores a cargo das beneficiarias residen nas provincias de Pontevedra e a Coruña, xuntos representan o 84% dos **191 de rapaces a cargo das beneficiarias en Galicia**.

Estas prestacións tamén recollen a **situación de especial vulnerabilidade** nos casos dunha discapacidade das beneficiarias ou dos fillos/as menores ao seu cargo.

o **10%** DAS BENEFICIARIAS TEÑEN ACREDITADA UNHA DISCAPACIDADE

No ano 2017, do total de beneficiarias das prestacións **28 mulleres tiñan acreditada unha discapacidade o que supón un 10% do total de mulleres**. Na provincia de A Coruña e Pontevedra residen 13 mulleres en cada unha delas. En Lugo e Ourense, identificouse unha muller cunha discapacidade acreditada en cada unha destas provincias.

Gráfico 20. Porcentaxe de Beneficiarias cunha discapacidade acreditada por provincia (ano 2017)



No caso das **fillas/os menores a cargo** das Beneficiarias, un **2,24% do total teñen acreditada unha discapacidade**, 9 rapaces/as con esta situación de dependencia acreditada.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

galicia
o bo camiño




Gráfico 21.

**Porcentaxe
de fillas/os
menores a
cargo das**

Beneficiarias cunha discapacidade acreditada por provincia (ano 2017)

A Situación laboral das beneficiarias tamén está recollida nos criterios de adxudicación das prestacións obxecto deste informe.

**85% DAS BENEFICIARIAS
SON DESEMPREGADAS**



Xacobeo 2021


Informe das prestacións periódicas a vítimas
de violencia de xénero (artigo 39)

Se concretamos a situación laboral das beneficiarias no ámbito xeográfico no que residen, atopamos que **máis do 34% das mulleres beneficiarias sen emprego residen na provincia de A Coruña** seguida de Pontevedra, onde residen un 33% das beneficiarias desempregadas. En Lugo e Ourense residen o 7,4% e o 10,8% de beneficiarias desempregadas, respectivamente.

Táboa 7 . Beneficiarias segundo a súa situación laboral e provincia na que residen (ano 2017)

Provincia	Desempregadas	Empregadas	Total
A Coruña	142	27	169
Lugo	31	4	35
Ourense	45	7	52
Pontevedra	137	24	161
Total	355	62	417

Gráfico 22. Porcentaxe mulleres empregadas e desempregadas por Provincia (ano 2017)





Do **15 % de beneficiarias das prestacións con emprego**, 8 de cada 10 residen nas provincias de A Coruña e Pontevedra.

As provincias de Lugo e Ourense contan cun 2,5% das mulleres beneficiarias que teñen un emprego.





5.3. **Análise dos resultados da convocatoria do ano 2018 da prestación para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei galega 11/2007**

Segundo establece a resolución da Secretaría Xeral da Igualdade do 12 de decembro de 2017 (publicada no Diario Oficial de Galicia na data 2 de xaneiro de 2018), pola que se regulan as bases e se procede á convocatoria do ano 2018 para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.

Seguindo a finalidade destas prestacións, a continuación se presentan os datos relativos á convocatoria do **ano 2018**:

4.658.937 €

ORZAMENTO ANO 2018

MÁIS DUN **13%** DE INCREMENTO
ORZAMENTARIO CON RESPECTO AO 2017

583


BENEFICIARIAS



No ano 2018 recibíronse **741 solicitudes** das que foron **concedidas o 78,7%** do total, **583 prestacións concedidas**.

En relación á distribución xeográfica das prestacións, a provincia de **A Coruña** é a que ten un maior número de solicitudes (296) seguida de **Pontevedra** (206). Do mesmo xeito son estas provincias as que teñen o maior numero de concesións **acadando a suma das dúas provincias máis do 77% das prestacións adxudicadas no ano 2018**.


Gráfico 23. Número de solicitudes e concesións por Provincia no ano 2018



Con respecto ao ano anterior (2017), **todas as provincias incrementan no ano 2018 a porcentaxe de concesións con respecto ás solicitudes presentadas en máis de 5 puntos porcentuais**. Destacan as provincias de Ourense e Pontevedra nas que a porcentaxe de concesións con respecto ao de solicitudes incrementase en máis dun 8% con respecto ao ano 2017.

No que se refire á porcentaxe de concesións con respecto ao número de solicitudes por provincia é **Lugo** a que ten unha maior porcentaxe de beneficiarias, cun **80,3 %** de prestacións concedidas con respecto ás presentadas nesta provincia, seguidas da provincia de **Pontevedra e A Coruña** cun **79,8%** de concesións respecto ás solicitudes de cada unha das provincias.

Gráfico 24. Porcentaxe de concesións con respecto ás solicitudes de cada Provincia no ano 2018




78,7% PROMEDIO DE
PRESTACIÓNS CONCEDIDAS

En termos territoriais, do total de prestacións concedidas no ano 2018, un 42,2% correspóndense coa provincia de A Coruña, un 35,3% con Pontevedra, a Ourense correspóndenlle un 13,4 % das concesións totais e a provincia de Lugo un 9% do total.

É relevante sinalar que mentres que en **A Coruña preséntanse máis do 41,5% das solicitudes de Galicia, o seu porcentaxe de concesións é superior ao 42,2% con**

respecto ao total de concesións. No caso contrario sitúase a provincia de **Ourense**, presentando máis do 14,7% de solicitudes pero só acada o 13,4 % das concesións totais.


Gráfico 25. Porcentaxe de concesións e solicitudes por Provincia con respecto ao total de prestacións (ano 2018)



A provincia de **Pontevedra baixou a súa representatividade** tanto en número de solicitudes como de concesións con respecto ao ano 2017 en 4 puntos porcentuais mentres que o resto de provincias o incrementan. **No caso de Ourense**, cunha porcentaxe similar de solicitudes con respecto ao total das presentadas en Galicia no 2017, **incrementou en máis dun punto porcentual o número de concesións con respecto ao ano anterior.**

Gráfico 26 . Prestacións concedidas por Provincia e exercicio económico ³

³ nestes importes inclúense os totais de cada proposta, non se teñen en conta as modificacións ou suspensións da axuda



A provincia de A Coruña percibe o 42,7% do importe total concedido nesta convocatoria, seguida de Pontevedra co 35%, Ourense con 13,3% e Lugo con 9 % do total.

As persoas beneficiarias teñen que acreditar unha situación de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica do agresor, ou no caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, de dependencia da persoa que mantivera sobre ela unha relación de dominación.

Os informes admitidos nesta Convocatoria teñen que ser emitidos nos doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude da axuda.

Na convocatoria do ano 2018, as medidas xudiciais son as que acreditan a maioría dos casos de violencia de xénero presentados polas beneficiarias. **As sentenzas xunto coas ordes de protección ou medidas cautelares, representan máis do 82,7% das acreditacións das beneficiarias.**

Táboa 8. Medios de acreditación da situación de violencia de xénero da beneficiaria (ano 2018)


	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
<i>Orde de protección ou medida cautelar</i>	135	47	46	78	306



<i>Sentenza</i>	61	2	18	95	176
<i>Informe do Ministerio Fiscal</i>	0	1	0	1	2
<i>Informe das FCS</i>	3	0	2	0	5
<i>Informe de Servizos Sociais o Sanitarios da Adm. Pública autonómica ou local</i>	47	3	8	23	81
<i>Informe dos Servizos de Acollida da Adm. Pública autonómica ou local</i>	3	0	3	7	13
Total	249	53	77	204	583

MÁIS DO 82% DAS BENEFICIARIAS ACREDITA A SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO MEDIANTE MEDIDAS XUDICIAIS


Gráfico 27. Tipo de acreditación da violencia de xénero presentada polas beneficiarias
(ano 2018)



Do total de beneficiarias da convocatoria do ano 2018, **acreditáronse 6 casos de vítimas de trata con fins de explotación sexual**, representando o 1% do total de casos acreditados de mulleres en situación de violencia de xénero. Se temos en conta os datos dos últimos dous anos, no ano 2018 xurdiron 4 casos máis que no ano 2017. En termos globais, no ano 2017 as vítimas de trata con fins de explotación sexual representaban a menos do 0,5% do total de vítimas de violencia de xénero.

A provincia de Pontevedra non rexistra vítimas de trata con fins de explotación sexual no ano 2018, mentres que o ano anterior todas as vítimas localizábanse nesta provincia.

Gráfico 28. Beneficiarias vítimas de trata con fins de explotación sexual (ano 2018)




Estas vítimas son todas elas **estranxeiras**, o 50% de nacionalidade Nixeriana, o 33% Romanas e unha vítima ten nacionalidade Venezolana.

MÁIS DO 66% DAS VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL TEÑEN MENOS DE 25 ANOS

O 33% das vítimas de trata con fins de explotación sexual teñen fillas/os, sumando en total 3 nenas e 1 neno menores de idade.

O 83% dos casos de vítimas de trata con fins de explotación sexual acreditaron a súa condición de vítimas de violencia de xénero mediante o informe dos Corps e Forzas de Seguridade do Estado.

Gráfico 29. Representatividade das acreditacións de violencia de xénero por provincias (ano 2018)



Se facemos unha comparativa cos datos do ano anterior, no 2018 incrementáronse as beneficiarias vítimas de violencia de xénero na provincia de A Coruña e en Lugo e

reducíronse na provincia de Pontevedra, manténdose constante o número de vítimas na provincia de Ourense.

En termos territoriais, **máis do 50% do total de vítimas de violencia de xénero beneficiaras destas prestacións residen en zonas rurais**. Pero se matizamos estes datos por provincias, é **a provincia de Pontevedra onde rexistramos un menor número de prestacións en zonas urbanas**, inferior ao 45% do total da provincia.

MÁIS DO **50%** DAS BENEFICIARIAS RESIDEN EN ZONAS RURAIS

En conxunto, o **49% das beneficiarias residen en núcleos urbanos moi poboados⁴**. Pola contra, o 25% das prestacións van destinadas a mulleres de zonas rurais pouco poboadas.

4 Nota explicativa: (Clasificación dos concellos segundo o novo grao de urbanización de Eurostat e do Nomenclátor do ano 2009).

ZDP: Zona Densamente Poboada: Conxunto contiguo de concellos de densidade superior a 500 hab./km² e unha poboación total para a zona de polo menos 50.000 habitantes.

ZIP: Zona Intermedia de Poboación: Conxunto de concellos que non pertencen a unha zona densamente poboada onde cada unha delas conta cunha densidade superior a 100 hab./km² e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben é adxacente a unha zona poboada densamente.

ZPP: Zona Pouco Poboada: Grupos de concellos que non pertencen a zonas densamente poboadas ou a zonas intermedias.



Gráfico 30. Beneficiarias da prestación por Grao de Urbanización e Concello (ano 2018)





Gráfico 31.
Beneficiarias da
prestación por Grao de
Urbanización e
Concello⁵ (ano 2018)

■ ZPP alta ■ ZPP intermedia ■ ZPP baixa
■ ZIP alta ■ ZIP baixa ■ ZDP



ia dado que hai



En relación á nacionalidade das beneficiarias, tres de cada catro beneficiarias teñen nacionalidade española.

MÁIS DO 76% DAS BENEFICIARIAS SON ESPAÑOLAS

Táboa 9 . Nacionalidade das beneficiarias da prestación no ano 2018

Nacionalidade	Nº beneficiarias	%
Española	448	76,84 %
Estranxeira	135	23,16 %
Total	583	100,00 %

Táboa 10 . Nacionalidade das beneficiarias da prestación no ano 2018

Nacionalidad e	N.º beneficiarias	%
Española	448	76,84%
Brasileira	19	3,26%
Rumana	14	2,40%
Marroqui	14	2,40%
Colombiana	13	2,23%
Dominicana	12	2,06%
Portuguesa	11	1,89%
Venezolana	10	1,72%
Peruana	5	0,86%
Arxentina	4	0,69%
Parguaia	4	0,69%
Uruguaia	3	0,51%
Nixeriana	3	0,51%
Italiana	3	0,51%
Cubana	3	0,51%
Senegaleña	2	0,34%
Guineana	2	0,34%
Alxeliana	1	0,17%
Chilena	1	0,17%
Estadounidense	1	0,17%
Ghana	1	0,17%
Grega	1	0,17%
Hondureña	1	0,17%
Lituania	1	0,17%
Mexicana	1	0,17%
Panameña	1	0,17%
Polaca	1	0,17%
Rusa	1	0,17%
Tailandesa	1	0,17%
Ucraniana	1	0,17%





o 14% DAS BENEFICIARIAS SON ORIXINARIAS DE LATINOAMERICA

En relación á distribución por idade segundo o gráfico 33 conclúese que tres de cada catro beneficiarias son menores de 46 anos. **As mulleres maiores de 46 anos representan a máis do 24% das beneficiarias.**




Gráfico 33. Beneficiarias da prestación por tramo de idade (ano 2018)

MÁIS DO 75% DAS BENEFICIARIAS



TEÑEN MENOS DE 46 ANOS

En relación á súa situación familiar, 345 beneficiarias teñen polo menos unha filla ou fillo menor ao seu cargo.


60% DAS BENEFICIARIAS TEÑEN FILLAS/OS MENORES AO SEU CARGO

Táboa 11 . Beneficiarias segundo o número de fillas/os menores ao seu cargo
(ano 2018)

<i>Nº fillas/os</i>	<i>N.º beneficiarias</i>	<i>Total fillas/os</i>
0 fillas/os	238	
1 filla/o	193	193
2 fillas/os	119	238
3 fillas/os	28	84
4 fillas/os	5	20
5 fillas/os	0	0
TOTAL	583	535

Segundo o número de fillos das beneficiarias, considérase relevante que **unha de cada catro beneficiarias teñen dous ou máis fillas/os menores ao seu cargo.**

Gráfico 34. Porcentaxe de beneficiarias por número de fillas/os menores a seu cargo
(ano 2018)




Do total de menores ao cargo das beneficiarias o 51,5% son nenos e o 48,5% son nenas.

535 FILLAS/OS MENORES AO CARGO DAS BENEFICIARIAS

En relación á distribución xeográfica, máis do 46% das rapazas e rapaces menores residen na provincia de A Coruña, o 32 % na de provincia de Pontevedra, o 14% na provincia de Ourense e o 8% restante na de Lugo.

Gráfico 35. Porcentaxe de fillas/os menores ao cargo das Beneficiarias por provincia (ano 2018)



O número de rapaces e rapazas ao cargo das beneficiarias repártense equitativamente nas provincias de A Coruña e Pontevedra. A provincia de Lugo é a que conta cun maior número de mulleres (8,8% do total das mozas) que de homes (o 6,5 % do total de mozos) ao cargo das beneficiarias.




Gráfico 36. Número de fillas/os menores ao cargo das Beneficiarias por provincia (ano 2018)


Estas prestacións tamén recollen a situación de especial vulnerabilidade nos casos dunha discapacidade das beneficiarias ou dos fillos/as menores ao seu cargo.

7,5% BENEFICIARIAS
TEÑEN ACREDITADA UNHA
DISCAPACIDADE

No ano 2018, **44 mulleres tiñan acreditada unha discapacidade o que supón un 7,55% do total de beneficiarias.**

En relación á provincia de residencia, en A Coruña residen 20 beneficiarias que teñen acreditada unha discapacidade, seguida de Pontevedra con 18 beneficiarias. En Lugo e Ourense temos 3 beneficiarias en cada provincia cunha discapacidade acreditada.

Gráfico 37. Porcentaxe de Beneficiarias cunha discapacidade acreditada por provincia (ano 2018)



Se retomamos a análise das **fillas/os menores a cargo** das Beneficiarias, un **2,74% do total de menores teñen acreditada unha discapacidade**, falamos de 16 rapaces/as con esta situación de dependencia acreditada.

Máis da metade dos fillos/as a cargo das beneficiarias que teñen acreditada unha discapacidade residen na provincia de A Coruña e non se identificou ningún caso na provincia de Lugo.




Gráfico 38. Porcentaxe de fillas/os menores a cargo das Beneficiarias cunha discapacidade acreditada por provincia (ano 2018)

A Situación laboral das beneficiarias, recollida nos criterios de adxudicación das

prestacións obxecto deste informe caracterízase por:

84% DAS BENEFICIARIAS SON DESEMPREGADAS

Se concretamos a situación laboral das beneficiarias no ámbito xeográfico no que residen, atopamos que **máis do 34% das mulleres beneficiarias sen emprego residen na provincia de A Coruña** seguida de Pontevedra, onde residen máis do 29% do total das beneficiarias desempregadas. En Lugo e Ourense residen o 8,2 % e o 12% de beneficiarias desempregadas, respectivamente.

Táboa 12 . Beneficiarias segundo a súa situación laboral e provincia na que residen (ano 2018)

Provincia	Desempregadas	Empregadas	Total
A Coruña	199	50	249
Lugo	48	5	53
Ourense	70	7	77
Pontevedra	173	31	204
Total	490	93	583

No que respecta ás beneficiarias cun posto de traballo, das 93 mulleres identificadas, **máis do 53% residen na provincia de A Coruña.**




Gráfico 40. Porcentaxe mulleres empregadas e desempregadas por Provincia (ano 2018)

O **87 % de beneficiarias con emprego**, residen nas provincias de A Coruña e Pontevedra.



Nas provincias de Lugo e Ourense residen 5 e 7 beneficiarias con emprego, respectivamente. A suma de ambas provincias representa ao 13% das beneficiarias que están empregadas, mentres que nestas provincias residen máis do 24% das beneficiarias desempregadas.



6. CONCLUSIÓNS

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade estableceu coma acción prioritaria o desenvolvemento de mecanismos legais, económicos e sociais que preveñan e loiten contra as situacións de violencia de xénero.

Entre os diferentes programas de actuacións que promove a Secretaría Xeral da Igualdade para apoiar ás mulleres vítimas de violencia de xénero, desde o ano 2006 o Programa de prestacións periódica favorece a independencia económica das vítimas e impulsa o seu empoderamento.

- **Prestacións das CC.AA:** non se atoparon prestacións similares no estudo realizado, salvo no caso de Estremadura que promove unhas axudas que poderían aproximarse en certos puntos ás propostas pola Xunta de Galicia.
- **Fondos de emerxencia:** en case todas as Comunidades Autónomas existen este tipo de Fondos con cargo os orzamentos das propias Comunidades.
- **Exemplos:** algúns casos de interese son: Andalucía onde ás vítimas prorrégalles automaticamente 6 meses a Renta Mínima de Inserción social, incrementándose aos 12 meses que establece esta renda, 6 meses máis por ser vítima de violencia de xénero. No caso da Comunidade Valenciana, establecéronse recentemente medidas como o incremento de 6.000 a 75.000€ a indemnización por falecemento de vítimas de violencia de xénero. Outras Comunidades autónomas como Aragón e Asturias están neste momento desenvolvendo novos decretos para regular novas axudas de apoio ás vítimas de violencia de xénero.



Galicia: Prestacións periódicas a vítimas de violencia de xénero

- **Financiamento:** Nos trece anos de execución deste programa concedéronse prestacións por unha suma total superior aos 33 millóns de euros.

33.640.469,37 €

ORZAMENTO 2006-2018

- **Incremento orzamentario:** os orzamentos dos anos 2017 e 2018, superaron os 4 millóns de euros. En termos globais, o incremento orzamentario desde o ano 2006 foi dun 62,32%.
- **Concesións:** desde o ano 2012, a media de prestacións concedidas é superior ao 75% das solicitudes presentadas anualmente.
- **Beneficiarias:** no período 2006-2018 recibiron prestacións económicas 4.338 mulleres.
- **Evolución do número de Beneficiarias:** as beneficiarias dos últimos 7 anos representan máis do 60% do total de mulleres apoiadas desde a creación das prestacións. No ano 2018 as beneficiarias simbolizan máis do 12,4% das beneficiarias do período (2006-2018).

4.338 BENEFICIARIAS

PERÍODO 2006-2018

- **Beneficiarias por provincia:** A Coruña é a provincia que suma un maior número de beneficiarias, o 40% do total. Seguida de Pontevedra cun 35,4%, Ourense con 14% e finalmente Lugo co 10,6% das beneficiarias. Pola contra, é a provincia lucense a que en





termos xerais ten o mellor ratio de concesións por número de solicitudes de toda Galicia.

■

Galicia: Prestacións periódicas a vítimas de violencia de xénero (ano 2017)

4.042.950,00 €

ORZAMENTO ANO 2017

417 BENEFICIARIAS

ANO 2017

- **Beneficiarias:** a porcentaxe de concesións de prestacións do ano 2017 foi dun 72%, sendo a provincia de Lugo a que tivo un maior ratio de concesións con respecto ás solicitudes presentadas na provincia cun 78%.
- **Acreditacións da situación de violencia de xénero:** na convocatoria do ano 2017, máis do 83% das beneficiarias acreditaron a situación de violencia de xénero con medidas xudiciais.
- **Beneficiarias en núcleos urbanos:** máis do 52% das beneficiarias do ano 2017 residen en núcleos urbanos moi poboados (As capitais de cada provincia, Vigo, Ferrol e Santiago de Compostela). So o 25% das prestacións van dirixidas a mulleres de zonas rurais pouco poboadas.
- **Beneficiarias por lugar de residencia:** O 21,6% das beneficiarias do ano 2017 residen en zonas moi poboadas da provincia de A Coruña (A Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela). O 19,6% das beneficiarias totais residen en





Pontevedra capital e en Vigo. O 7% do total de beneficiarias residen no Concello de Lugo e o 4,3% residen no Concello de Ourense.

- **Nacionalidade das beneficiarias:** o 80,58% das beneficiarias do ano 2017 son de nacionalidade española.
- **Beneficiarias con fillas/os menores a cargo das beneficiarias:** O 61% das beneficiarias teñen fillas/os ao seu cargo. Unha de cada catro beneficiarias ten dous ou máis fillas/os menores ao seu cargo.
- **Fillas/os menores a cargo das beneficiarias:** 210 rapazas e 191 rapaces son os menores a cargo das beneficiarias no ano 2017.
- **Beneficiarias e fillas/os menores ao seu cargo cunha discapacidade acreditada:** O 10% das beneficiarias acreditaron unha discapacidade e o 2,24% das/os menores ao seu cargo tamén acreditan esta situación.

o **47,5%** DAS BENEFICIARIAS
RESIDEN EN NÚCLEOS RURAIS

3 DE CADA **4** BENEFICIARIAS

SON MENORES DE **46** ANOS

10% BENEFICIARIAS
ACREDITAN UNHA DISCAPACIDADE





15% DAS BENEFICIARIAS TEÑEN EMPREGO

Galicia: Prestacións periódicas a vítimas de violencia de xénero (ano 2018)

4.658.937 €
ORZAMENTO ANO 2018
583 BENEFICIARIAS
ANO 2018

- **Orzamento:** a partida orzamentaria do ano 2018 incrementouse en máis dun 13% con respecto ao ano 2017
- **Beneficiarias:** a porcentaxe de concesións de prestacións do ano 2018 foi dun 78,7%.
- **Acreditacións da situación de violencia de xénero:** na convocatoria do ano 2018, máis do 82,7% das acreditacións das beneficiarias da situación de violencia de xénero foi a través de medidas xudiciais: sentenzas, ordes de protección ou medida cautelar.
- **Beneficiarias en núcleos urbanos:** no ano 2018 máis do 49% das beneficiarias residen en núcleos urbanos moi poboados (capitais de provincia, Vigo, Ferrol e Santiago de Compostela). Pola





contra, o 25% das prestacións recíbenas residentes en zonas rurais pouco poboadas.

- **Beneficiarias por lugar de residencia (ano 2018):** O 22,2% das beneficiarias residen en zonas moi poboadas da provincia de A Coruña (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela). O 15,7% das beneficiarias totais residen en Pontevedra capital e en Vigo. O 6,7% do total de beneficiarias residen no Concello de Ourense e o 4,8% residen no Concello de Lugo.
- **Nacionalidade das beneficiarias:** o 77% das beneficiarias do ano 2018 son de nacionalidade española.
- **Idade das beneficiarias (ano 2018):** As mulleres menores de 46 anos representan a máis do 75% das beneficiarias.
- **Beneficiarias con fillas/os menores a cargo das beneficiarias:** O 60% das beneficiarias do ano 2018 teñen fillas/os ao seu cargo. Unha de cada catro beneficiarias ten dous ou máis fillas/os menores ao seu cargo.
- **Fillas/os menores a cargo das beneficiarias:** 259 rapazas e 276 rapaces son os menores a cargo das beneficiarias no ano 2018.
- **Beneficiarias cunha discapacidade acreditada:** O 7,5% das beneficiarias do ano 2018 acreditaron unha discapacidade.
- **Fillas/os menores ao seu cargo das beneficiarias cunha discapacidade acreditada (ano 2018):** 2,74% das/os menores ao seu cargo acreditan esta situación.

o **51%** DAS BENEFICIARIAS
RESIDEN EN NÚCLEOS RURAIS

3 DE CADA **4** BENEFICIARIAS





SON MENORES DE **46** ANOS

7,5% BENEFICIARIAS

ACREDITAN UNHA DISCAPACIDADE

16% DAS BENEFICIARIAS

TEÑEN EMPREGO





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

galicia
o bo camiño